

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE VILASANTAR EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL PARA A ADQUISICIÓN E DOTACIÓN DUN VEHÍCULO TODO TERREO DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é conveniente contar con medios propios e alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Vilasantar en materia de emerxencias, entendendo esta como a actividade destinada a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do interese na prevención e socorro así como na practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os



medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.

O Concello de Vilasantar quere reforzar a AVPC existente para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación, precisando de medios básicos, entre os que se atopa unha vehículo todo terreo de protección civil. Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar un convenio que estableza as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Vilasantar, co fin de colaborar economicamente na compra dunha vehículo todo terreo de protección civil.

Dado que estas funcións son exercidas polo citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación 05.212A.760.0 e código de proxecto 2015 00107 dos orzamentos do ano 2021, por un importe de trinta mil euros (30000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

O director xeral de Emerxencias e Interior
Santiago Villanueva Álvarez

